



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

Resolución de Alcaldía que resolve prestar aprobación á lista definitiva de admitidos-excluídos e o nomeamento dos membros do tribunal para a contratación en réxime laboral temporal de 13 socorristas para a prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo acuático nas Praias do Concello Bueu

Antecedentes:

- Acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada con carácter ordinario o 03.06.2019, que resolve prestar aprobación ás bases do proceso selectivo para a contratación laboral temporal de 13 Socorristas Acuáticos para a prestación do Servizo de Salvamento e Socorrismo acuático nas Praias do Concello de Bueu, con reserva de tres prazas para aqueles candidatos, que superando o proceso selectivo acrediten dispor do título de patrón para Navegación Básica ou equivalente
- Presentación de oferta con data 04.06.2019 na Oficina de Emprego de Cangas para a preselección dos candidatos de acordo co establecido na Orde da Consellería de Economía, Emprego e Industria, pola que se establecen as bases e se regulan as axudas e subvencións para o fomento do emprego e mellora da empregabilidade no ámbito de colaboración coas entidades locais para o exercizo 2018
- Resolución de Alcaldía de 2019-0862 de 20.06.2019, que resolve prestar aprobación á lista provisional de Admitidos-4excluídos e nomeamento dos membros do Tribunal para a contratación en Réxime temporal de 13 socorristas para a prestación do servizo de Salvamento e Socorrismo Acuático nas praias do Concello de Bueu

Consideracións legais e técnicas

A base 7.1 do proceso selectivo establece que Rematado o prazo de presentación de documentación o alcalde ditará resolución declarando aprobado o listado provisional de admitidos/as e excluídos/as, con indicación se é o caso, das causas de exclusión. Esta resolución será publicada no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), e na web municipal www.concellodebueu.gal

Os/as aspirantes excluídos/as, dispoñen dun prazo de **dous (2) días hábiles**, contado desde o seguinte ao da publicación da antedita resolución, para presentar as reclamacións oportunas ou emendas de defectos, nos termos do artigo 71 da Lei 39/2015.

Posteriormente, o alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), e na web municipal www.concellodebueu.gal

A Base 8 establece: “Composición do Tribunal axustarase ao previsto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, do texto refundido do Estatuto Básico do Empregado Público non podendo ser parte do mesmo o persoal de elección ou de designación política, os funcionarios interinos nin o persoal eventual.

Os membros do tribunal cualificador deberán absterse de intervir, cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, os aspirantes, poderán recusar os membros do Tribunal cando nos mesmos concorra algunha das circunstancias previstas para a abstención de conformidade co establecido no art. 24 da Lei 40/2015.

Visto que no período de exposición pública non consta que se presentaran alegacións á lista provisional de admitidos-excluídos, nen que se presentaran recusacións do tribunal.

De acordo cos antecedentes e as consideracións xurídicas e técnicas expostas, de conformidade coas facultades sinaladas no artigo 21 da Lei 7/1985 de 2 de Abril, reguladora das Bases de Réxime Local, o artigo 61 da Lei 5/1997 de 22 de Xuño, Reguladora da Administración Local de Galicia, e resto da normativa concordante.

RESOLVO:

1. Admitir definitivamente ós aspirantes que solicitaron participar neste proceso selectivo, en canto reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos nas bases da convocatoria que se indican no ANEXO I
2. Excluir definitivamente a aqueles aspirantes que presentan renuncias a participar neste proceso selectivo, de acordo co ANEXO II, no que se especifica a causa de exclusión.
3. Ratificarse no Nomeamento o Tribunal que xulgará as probas selectivas e os seus substitutos nos termos que se indican:

PRESIDENTE/A

Titular.- Marcos Vázquez Campaña (Interventor Municipal)

Suplente.-Araceli C. Pérez Morán (Xefa de Negociado do Departamento de Intervención)



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

SECRETARIA/O

Titular.- Angela María Agulla Cabodevila (Auxiliar Administrativo no Concello)

Suplente.- Nuria Lobato del Río (Secretaria Xeral do Concello de Bueu)

VOGAIS

*Titular.- José María Fernández Peña (Funcionario da Unidade de Policía Adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialista en salvamento)

*Suplente.- José Gabriel Diego Travieso (Funcionario da Unidade de Policía adscrita á Comunidade Autónoma de Galicia, especialista en salvamento)

*Titular.- Belarmino Barreiro Rosales (Arquiveiro Municipal)

*Suplente.- Jaime Sixto García (Adxunto á Tesourería no Concello de Bueu)

*Titular.-María Dolores Loira Rodríguez (Traballadora Social no Concello de Bueu)

*Suplente.- José Francisco Budiño Pereira (Xefe de Negociado departamento Estatística e Rexistro)

Actuando como Asesor Técnico do Tribunal Roi Pantin López

4. Ordear a publicación desta Resolución e taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello (<https://bueu.sedelectronica.gal>), e na web municipal www.concellodebueu.gal

ANEXO I

ADMITIDOS DEFINITIVAMENTE

ABEL ALVAREZ PEQUEÑO (NON APORTA TÍTULO DE PATRÓN)
DARIO GUIMERANS BERMUDEZ
JONATHAN FAZANES LOIRA
YUDANI FAZANES LOIRA
ALEIXO COUTO VILAS
MIGUEL PRADO FUENTES
ISMAEL PENA FERVENZA
ABEL ESTEVEZ BACELAR (APORTA TÍTULO DE PATRÓN)
JULIO TRONCOSO VILLANUEVA (APORTA TÍTULO DE PATRÓN)
FRANCISCO LOIRA REBOIRAS
ABEL JUNCAL LOPEZ



Rúa Eduardo Vincenti nº8 , 36930 Bueu (Pontevedra)
Telf: 986 39 00 29 , Fax: 986 32 20 99 , C.I.F.: P3600400J

MANUEL MARTINEZ PARENTE
ELIAS SIMES MENDEZ
ISAAC PEREZ CABALEIRO
JUAN GASTAÑADUY LAGO
BRUNA NICKELLE LOIS
DAVID CARABELOS GONZALEZ (APORTA TÍTULO DE PATRÓN)
DANIEL GONZALEZ GARCIA

ANEXO II

EXCLUIDOS DEFINITIVAMENTE (RENUNCIAS)

MANUEL BERNARDEZ ORDÁS
SARA GONZALEZ GALLEGO

Vista a Resolución adoptada pola Consellería de Economía, Emprego e Industria, de concesión de axudas para a contratación de Traballadores desempregados en colaboración coas Entidades Locais, dispón que efectuada a selección dos traballadores na forma prevista no artigo 14 da Orde, a Entidade efectuada a selección dos Traballadores na forma prevista neste arrigo, a entidade procederá a súa contratación.

En todo caso os contratos deberán formalizarse ata o 1 de xullo de 2019.

Polo que en base ó anterior e motivada a urxencia, CONVÓCASE os aspirantes admitidos definitivamente, á celebración das probas que rexen este proceso selectivo, do seguinte xeito:

**Primeira Proba (Teórica, tipo test), ás 9.30 no Centro Social do Mar para o que virán provistos de DNI e Bolígrafo.*

**Segunda Proba (que consistirá na realización dunha proba de aptitude física para comprobar a existencia da capacidade necesaria para as funcións que van a desenvolver) ás 12 horas, nos termos e requisitos que figuran na base Novena da convocatoria.*

O ALCALDE,

Documento asinado electronicamente á marxe